# 27-04-2019

# Domingo de Pascua -2º-C



## Comungar é tocar o costado de Cristo, (é recibir o seu Corazón).

## 1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: viñemos esta mañá a celebrar a Eucaristía do domingo, "día do Señor". Do mesmo xeito que os primeiros cristiáns, reunímonos en comunidade arredor de Cristo Resucitado para reafirmar a nosa fe e enchernos da paz do seu Espírito. Xesús resucitado nunca falta á cita do encontro connosco, cada domingo. Que el hoxe, como entón, neste domingo da Misericordia, aumente a nosa fe, así poderemos saír dicindo aos que nos atopemos: "vimos o Señor", pois somos a súa comunidade e queremos ser testemuñas da súa presenza no medio de nós.

(Sacerdote): *-No nome do Pai… Cristo resucitado que segue vivo entre nós no medio da comunidade, está convosco…*

## 2. ASPERSIÓN COA AUGA

Co xesto da aspersión do auga bendita, ademais de renovar as nosas promesas bautismais, pedímoslle a Deus que vivifique en nós a súa graza, como o día en que fomos incorporados por primeira vez a Cristo e á súa Igrexa.

(Sacerdote): *Que Deus, noso Pai, nos purifique do pecado, e nos faga dignos de participar do banquete do seu Reino, por sempre, eternamente. (Aspersión ao pobo).*

**3. PERDÓN** (Alternativa)

(Sacerdote): *Para alcanzar a paz do Señor, pedimos perdón polos nosos pecados:*

- (Posible catequista): Porque ás veces dubidamos, cambaléase a nosa fe e, a nosa confianza en ti. *Señor, ten piedade de nós.*

- (Posible neno - nena): - Porque non valoramos o apoio da comunidade para fortalecer a fe. *Señor, ten piedade de nós.*

# *3. PALABRA DE DEUS*

**MONICIÓN ÁS LECTURAS**

É o momento de escoitar a Deus que nos fala por medio da súa Palabra, do mesmo xeito que o facían os primeiros cristiáns. A 1ª lectura relata como se inicia o camiño da Igrexa trala predicación de Pedro. A Apocalipse recórdanos que este camiño da Igrexa contou xa con dificultades e persecucións pero que Cristo pon a súa man sobre nós e non hai que temer. O Evanxeo describe dúas aparicións de Xesús no cenáculo: a primeira o domingo de Pascua e a segunda oito días despois. Tomé dentro da comunidade, recupera a fe e atópase con Cristo Resucitado.



**Feitos dos Apóstolos 5, 12-16** ***Crecía o número dos crentes, homes e mulleres, que se adherían ao Señor.***

**Salmo 117:** ***Dade grazas ao Señor porque é bo, porque é eterna a súa misericordia.***

**Apocalipse, 9-11a. 12-13. 17-19:** ***Estaba morto e, xa ves, vivo polos séculos dos séculos.***

**XOÁN 20, 19-31:** ***Aos oito días, chegou Xesús.***

**Narrador:** Á noitiña daquel día, o primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas portas pechadas por medo aos xudeus. E nisto entrou Xesús, púxose no medio e díxolles:

**Xesús: -«Paz convosco».**

**Narrador:** E, dicindo isto, ensinoulles as mans e o costado. E os

discípulos enchéronse de alegría ao ver o Señor. Xesús repetiu:

**Xesús:** *-«Paz convosco. Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu».*

**Narrador:** E, dito isto, soprou sobre eles e díxolles:

**Xesús: -** *«Recibide o Espírito Santo; a quen lles perdoedes os pecados, quédanlles perdoados; a quen llos reteñades, quédanlles retidos».*

**Narrador:** Tomé, un dos Doce, chamado o Xemelgo, non estaba con eles cando veu Xesús. E os outros discípulos dicíanlle:

**Discípulos: -*«Vimos o Señor».***

**Narrador:** Pero el contestoulles:

**Tomé: -«Se non vexo** *nas súas mans o sinal dos cravos, se non meto o dedo no buraco dos cravos e non meto a man no seu costado, non o creo».*

**Narrador:** Aos oito días, estaban outra vez dentro os discípulos e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, púxose no medio e dixo:

**Xesús: -*«Paz convosco».***

**Narrador:** Logo díxolle a Tomé:

**Xesús: -*«Trae o teu dedo, aquí tes as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado; e non sexas incrédulo, senón crente».***

**Narrador:** Contestou Tomé*: «Meu Señor e meu Deus!».* Xesús díxolle:

**Xesús: -«Porque me viches *criches? Benaventurados os que crean sen ver».***

**Narrador:** Moitos outros signos, que non están escritos neste libro, fixo Xesús á vista dos discípulos. Estes foron escritos para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus, e para que, crendo, teñades vida no seu nome.

**Palabra do Señor**

*(Narrador-Xesús-Discípulos-Tomé)*

## 5. PROFESIÓN DE FE

(Sacerdote): Desde a nosa fe vacilante, unímonos en comunidade proclamando xuntos a nosa fe.

-Credes en Deus, Pai todopoderoso? Todos: Si, creo.

-Credes en Xesucristo, que por nós padeceu e morreu, pero Deus resucitouno, e está sempre connosco? Todos: Si, creo.

-Credes no Espírito de Amor que conduce e coida a Igrexa? Todos: Si, creo.

-Credes no perdón dos pecados e na forza liberadora do Amor e da misericordia? Todos: Si, creo.

-Credes na resurrección dos mortos e na vida eterna? Todos: Si, creo

## 4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote): *Xesús Unidos pola experiencia pascual de sentirnos resucitados con Xesús, elevemos a nosa oración respondendo*:

**-Meu Señor e meu Deus.**

1. Cremos Señor, pero aumenta a nosa fe e a nosa alegría.
2. Cremos Señor, pero aumenta o noso amor e a nosa esperanza.
3. Cremos Señor, pero aumenta a nosa fortaleza.
4. Cremos Señor, pero aumenta o noso entusiasmo e ilusión.
5. Cremos Señor, pero aumenta a nosa paz e a nosa xenerosidade.
6. Cremos Señor, pero quédache connosco, dános o teu Espírito.
7. Cremos Señor, pero axúdanos a vivir a fe en comunidade, cos outros crentes.
8. Cremos Señor, pero que agradezamos a túa misericordia e o teu amor.

(Sacerdote): *Dános a túa Paz, Señor, que nos faga vivir no teu Amor. Por Xesucristo…*

## *PRESENTACIÓN DE OFRENDAS (Posibilidades)*

- **GAFAS:**

Con estes lentes escuros queremos representar a nosa vida que como na de Tomé falta a luz da fe para ver a vida cos ollos novos de Xesús, ollos de resucitado. Que El nos axude a descubrir o tesouro grande da fe.

**- CORDA CON NÓS:**

Con esta corda repleta de nós, queremos simbolizar a vida de parroquia, a vida en común. Os desexos de celebrar e vivir a nosa fe en parroquia-comunidade permanecendo unidos no amor de Xesús pola súa Resurrección. Grazas á formación, as celebracións, os momentos alegres, a fe e a vida que xuntos compartimos.

- **PAN E VIÑO:**

Finalmente, traemos ata o altar o pan e o viño que se converterán no corpo e sangue de Xesús. Que na eucaristía dominical fortalezamos e alimentemos a nosa fe.

## 8. PAZ

Xesús Resucitado preséntase aos apóstolos con este saúdo: "Paz convosco". Este é tamén o noso mellor desexo para todos. Pero non esquezamos que Xesús Resucitado é a fonte da paz.

## 9. BENDICIÓN:

O Señor resucitado fíxose presente hoxe no medio de nós. Como aos primeiros seguidores seus, concedeunos saborear o amor da comunidade e deunos a súa graza e a súa paz. Saiamos agora aos nosos ambientes e ás nosas tarefas, levando a nosa experiencia, para que outros poidan descubrir que Xesús resucitou e paga a pena Crer nel, vivir a fe en comunidade e testemuñalo cada día. Para iso que a bendición de Deus todopoderoso, Pai, Fillo e Espírito Santo, descenda sobre vós.

***Podedes ir en paz, ALELUIA, ALELUIA./***
***Deamos grazas a Deus ALELUIA, ALELUIA.***

' MEU SEÑOR
E
MEU DEUS



# POSIBLE ACCIÓN DE GRAZAS

## *Somos a comunidade dos que cren*

**Hoxe, Señor, viñemos celebrar a fe en comunidade,** como cada domingo. Es ti o que nos convoca. Nós deixamos as nosas tarefas e acudimos aquí con alegría.

**Como na primitiva Igrexa** ti preséntaste no medio de nós, énchesnos de paz, regálasnos a luz da túa Palabra e aliméntasnos co teu Pan.

**Xesús, nós somos a comunidade** que acolle os incrédulos "Tomé" de hoxe, que só cren o que tocan, e axúdaos a saber percibir o Resucitado cos ollos novos da fe.

**Nós somos a comunidade** dos felices por *"terte visto",* os que te seguimos aínda que non estea de moda, os que valoramos vivir a fe con outros formando a túa Igrexa.

**Aumenta Señor nosa Fe,** que cada un de nós te proclame: *"Meu Señor e meu Deus!"* e que se nos note na vida cotiá, sendo as túas testemuñas, tendendo a man a todos e construíndo un mundo mellor.

FELIZ DOMINGO, DIA DEL SEÑOR

RED CATEQUISTAS GALICIA